

ACORDO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE, O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE, "GALARIA, EMPRESA PÚBLICA DE SERVIZOS SANITARIOS S.A.", A AXENCIA GALEGA PARA A XESTIÓN DO COÑECEMENTO EN SAÚDE (ACIS), O CLUSTER DA SAÚDE DE GALICIA (CSG), O "CLUSTER DA MADEIRA E O DESEÑO DE GALICIA" (CMD), A AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN (GAIN), A AXENCIA GALEGA DA INDUSTRIA FORESTAL (XERA), O INSTITUTO DE VIVENDA E SOLO (IGVS), A AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL" (AGADER), A UNIVERSIDADE DA CORUÑA UDC, A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (USC), A UNIVERSIDADE DE VIGO, A FUNDACIÓN UNIVERSIDAD EMPRESA (FEUGA), A FUNDACION ESCOLA UNIVERSITARIA DE RELACIÓNS LABORAIS DE A CORUÑA (ERLAC), O COLEXIO OFICIAL DE ARQUITECTOS DE GALICIA (COAG) E A FUNDACIÓN JUANA DE VEGA, PARA A PARTICIPACIÓN CONXUNTA NA CONVOCATORIA DE PROXECTOS EUROPEOS DA INICIATIVA "NEW EUROPEAN BAUHAUS".

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Xerente do Servizo Galego de Saúde, DECLARA:

Que as partes indicadas formalizaron o 12/7/21 o instrumento convencional citado no encabezamento.

De conformidade co previsto no artigo 34 da Lei 14/2011, de 1 de xuño, da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación, o presente acordo marco terá unha vixencia de cinco anos de duración inicial. Os asinantes poderán acordar unanimemente a súa prórroga, antes da finalización do prazo de vixencia previsto, por un período de ata cinco anos adicionais.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as bases da colaboración e coordinación necesaria entre as partes para a presentación de proxectos no marco da convocatoria da "New European Bauhaus".

Ditos proxectos versarán, a título enunciativo e non limitativo, sobre os seguintes temas:

- O sector sanitario como eixo impulsor da transformación cultural baseada na sostibilidade.
- Economía circular estratéxica.
- Bioeconomía e sostibilidade.
- Os profesionais da saúde como prescritesores do cambio.
- Determinantes sociais da saúde e as repercusións do cambio climático.
- Espazos que determinan actividades. Espazos que promoven vida e biodiversidade.
- Territorio: Galicia rural e urbana.
- Camiño de Santiago. Camiños da sostibilidade.
- Envellecemento activo e saudable.
- Madeira e biofilia.
- Plataformas de innovación sanitaria.
- Modelo de Coidados.
- Plan de saúde mental de Galicia post-COVID-19.
- Galicia post-COVID (2020-2024)
- Avaliación do impacto económico, social e ambiental de proxectos e programas implementados para fomentar a saúde e a cohesión social.
- Transformación urbana e territorial a través da aplicación de tecnoloxías ambientais, a promoción de solucións baseadas na natureza, así coma o desenvolvemento de infraestrutura verde en entornos hospitalarios.
- Contribuír aos obxectivos de desenvolvemento Sostible a través da transformación dos

espazos vinculados á saúde.

- Apostar pola arquitectura de calidade como condición necesaria para acadar os obxectivos da New European Bauhaus. Tendo en consideración as investigacións da Neuroarquitectura para a mellor adaptación dos espazos aos obxectivos propostos: felicidade, benestar, produtividade e calidade de vida, dentro dos parámetros dunha adecuada interacción co medio ambiente.

Que o instrumento convencional asinado fundaméntase no seguinte:

O artigo 34 da Lei 14/2011, de 1 de xuño, da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación, determina que os axentes públicos de financiamento ou execución do Sistema Español de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación, incluídas as Administracións Públicas, as universidades públicas, os organismos públicos de investigación da Administración Xeral do Estado, os consorcios e fundacións participadas polas administracións públicas, os organismos de investigación doutras administracións públicas, e os centros e institucións do Sistema Nacional de Saúde, poderán subscribir convenios suxeitos ao dereito administrativo. Poderán celebrar estes convenios os propios axentes públicos entre si, ou con axentes privados que realicen actividades de investigación científica e técnica, nacionais, supranacionais ou estranxeiros, para a realización conxunta das seguintes actividades:

- a) Proxectos e actuacións de investigación científica, desenvolvemento e innovación.
- b) Creación ou financiamento de centros, institutos, consorcios ou unidades de investigación, e infraestruturas científicas.
- c) Financiamento de proxectos científico-técnicos singulares.
- d) Formación de persoal científico e técnico.
- e) Divulgación científica e tecnolóxica.
- f) Uso compartido de inmobles, de instalacións e de medios materiais para o desenvolvemento de actividades de investigación científica, desenvolvemento e innovación.

O Novo Bauhaus Europeo, do que o Servizo Galego de Saúde ten sido recoñecido como partner oficial, é un proxecto medioambiental, económico e cultural cuxo obxectivo é combinar o deseño, a sostibilidade, a accesibilidade, a asequibilidade, a inclusión e a estética para contribuír ao cumprimento do Pacto Verde Europeo. Os seus valores esenciais son, por tanto, a sostibilidade, a estética/beleza e a inclusión. A finalidade da súa fase de deseño é dar forma ao concepto explorando ideas, detectando as necesidades e os retos máis acuciantes e conectando ás partes interesadas. Un dos elementos desta fase de deseño será a inauguración pola Comisión, nesta próxima primavera, da primeira edición do premio Nova Bauhaus Europea.

O Novo Bauhaus Europeo desenvólvese en tres fases: codeseño, resultados e difusión.

- a) Fase de Codeseño: de outubro de 2020 ao verán de 2021.
- b) Fase de Resultados: setembro de 2021
- c) Fase de Difusión: A partires de xaneiro de 2023

Todas estas iniciativas constitúen unha oportunidade de desenvolvemento para os actores locais da innovación e a sostibilidade, tendo en conta as especiais condicións e características do noso entorno inmediato, tanto xeográficas coma culturais, poboacionais, de emprendemento, e innovación, para mellora da vida das persoas e do planeta.



O elemento tractor do proxecto, liderado polo Sergas para Galicia, baséase no Camiño de Santiago, "Camiños de Sostibilidade" deseñados desde a perspectiva da Inclusión, a sostibilidade e a beleza/estética, que vertebran o territorio galego e serven de marco para a súa implantación noutros territorios e que promoven a cohesión social.

A Comunidade autónoma de Galicia, como xa temos indicado, dispón do talento e a iniciativa innovadora de numerosos axentes, públicos e privados, que dispoñen dos elementos para o impulso da materialización de múltiples proxectos innovadores no eido da saúde, do aproveitamento forestal, da investigación e das relacións humanas.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato, ou outro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no art 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bon goberno de Galicia, estimouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

O xerente do Servizo Galego de Saúde

José Flores Arias.

